

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA E DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APROBACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ARQUITECTURA DA PAISAXE "JUANA DE VEGA"

A Coruña, 12 de abril de 2010

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. José María Barja Pérez, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (en diante UDC), en representación da mesma, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, de 21 de decembro (BOE de 24 de decembro), modificada pola Lei Orgánica 4/2007, e no artigo 36 dos estatutos da UDC, aprobados por decreto da Xunta de Galicia 101/2004 de 13 de maio, modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

Doutra parte o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), en representación da mesma, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, de 21 de decembro (BOE de 24 de decembro), modificada pola Lei Orgánica 4/2007, e no artigo 87 do Decreto 28 /2004, do 22 de xaneiro , polo que se aproban os Estatutos da USC.

As dúas partes recoñécense mutua capacidade de obrar.

EXPOÑEN

Que o RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, considera a posibilidade de levar a cabo estudos de Máster interuniversitarios.

Que lle corresponde á Xunta de Galicia a autorización e a posta en marcha do Máster universitario en *Arquitectura da Paisaxe "Juana de Vega"* e ao Consejo de Universidades verificar que o plan de estudos se axusta ás directrices e condicións establecidas polo Goberno.

Que a Universidade da Coruña, e a Universidade de Santiago de Compostela, en exercicio da súa autonomía, consideran axeitado aos seus fins institucionais o establecemento de relacións interuniversitarias no ámbito de xestión e docente para a implantación do referido título.

Considerando, polo tanto, o interese compartido na implantación da citada titulación, as partes subscriben o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA – OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto a regulación das bases de actuación para a xestión do título de Máster Universitario en *Arquitectura da Paisaxe “Juana de Vega”*, que é unha titulación conxunta entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, coordinada pola Universidade da Coruña. As Universidades de A Coruña e de Santiago de Compostela asumen a xestión.

SEGUNDA – ACCESO E ADMISIÓN Á TITULACIÓN

O acceso e admisión ao Máster farase en función das normas e procedementos administrativos que teña establecido cada universidade. En calquera caso, débese respectar a igualdade de criterios académicos para o acceso e admisión de estudantes, independentemente da universidade na que o estudante solicitara praza.

Os alumnos poderán formular solicitude de ingreso en calquera das universidades, ou nas dúas á vez, debendo optar, no caso de ser admitido nas dúas, por unha delas no momento de formalizar a matrícula.

TERCEIRA – MATRÍCULA

As Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela ofertarán de xeito independente o número de prazas da titulación.

Os/as alumnos/as matricularanse nunha das dúas universidades e nela exercerán os seus dereitos e responderán dos deberes inherentes a súa condición de estudantes desa universidade. En particular, o abono de prezos da matrícula, xestión do expediente, bolsas, servizos, representación institucional, etc., exerceranse na universidade onde se atope matriculado.

Os procedementos de matrícula e xestión de expedientes realizaránse conforme ao que acorde a Comisión de Coordinación, e de acordo coa normativa de cada unha das dúas universidades.

Finalizado o prazo de matrícula, cada universidade, polo procedemento que se estableza, remitiralle á outra unha certificación onde figure o alumnado matriculado en cada unha das materias do título.

CUARTA – TITULACIÓN

O título de Máster universitario en *Arquitectura da paisaxe “Juana de Vega”* será un único título conxunto e correspóndelle a xestión da expedición do título á universidade

onde o alumno remate os estudos, facéndose constar no mesmo o carácter de titulación conxunta entre as Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela.

Para a obtención do título o alumnado deberá ter superados 60 créditos segundo as condicións que se establecen no plan de estudos, independentemente da universidade onde os superase.

A expedición e rexistro dos títulos realizarse de acordo coa normativa vixente. O modelo de título que se expida será acordado polas universidades de acordo coa normativa xeral (neste momento RD 1393/2007 e normativa de desenvolvemento).

QUINTA – PROFESORADO

No caso do profesorado dunha das universidades que imparta docencia na outra, cada universidade establecerá o procedemento necesario para formalizar esta situación.

As cuestións derivadas do intercambio de profesores serán aprobadas pola Comisión de Seguimento tras o informe das vicerreitorías con competencia na materia.

SEXTA – COMISIÓN DE COORDINACIÓN INTERUNIVERSITARIA

Para o desenvolvemento dos aspectos da xestión académica e de profesorado non contemplados no presente Convenio constituirase unha Comisión de Coordinación de carácter paritario, da que formarán parte os coordinadores do Máster e aqueles membros que se determinen.

Os acordos desta Comisión, unha vez ratificados pola Comisión de Seguimento, incorporaranse como anexos ao presente Convenio.

SÉTIMA – COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para levar a efecto o establecido no presente Convenio, crearase unha Comisión de Seguimento que terá as seguintes competencias:

- O adecuado seguimento, interpretación e execución das accións concretas do contido do Convenio.
- Resolver as cuestións relativas ao intercambio de profesorado.
- A resolución de discrepancias en orde á execución do convenio.
- Resolver as lagoas que se detecten para a execución do pactado así como propoñer Addendas ao Convenio.

Integran a comisión de seguimento ademais dos Vicerreitores/as con competencia no Máster e os/as Secretarios/as Xerais de cada Universidade os coordinadores/as do Máster *Arquitectura da Paisaxe “Juana de Vega”* de cada unha das universidades

OITAVA – MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DE PLANES DE ESTUDO

Cada unha das universidades participantes poderá solicitar á outra parte a modificación ou extinción do plan de estudos. A devandita solicitude deberá

comunicarse á outra parte coa antelación suficiente para poder realizar os trámites (internos e externos á Universidade) necesarios para a aprobación das modificacións, e sempre antes do 1 de Decembro do curso anterior ao de aplicación da modificación ou extinción.

As universidades comprométense a consensuar esta operación de acordo coas súas normativas internas, adaptándose en calquera caso aos procedementos vixentes establecidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e polo Ministerio de Educación a través da *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y la Acreditación (ANECA)*.

NOVENA – ENTRADA EN VIGOR E FIN DO CONVENIO

O convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterase en vigor durante a vixencia do plan de estudos, salvo acordo expreso das partes noutro sentido.

DÉCIMA – JURISDICIÓN

A Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na execución do Convenio corresponden á Xurisdición Contencioso-Administrativa, en particular á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente acordo no lugar e data indicados.

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



JOSÉ Mª BARJA PÉREZ

**POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**



SENÉN BARRO AMENEIRO

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA E DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APROBACION DO PLAN DE ESTUDOS DO MASTER UNIVERSITARIO EN ARQUITECTURA DA PAISAXE "JUAN DE VEGA".

En Santiago de Compostela a 8 de setembro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, de 28 de maio (DOG 4/06/2014), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Dunha parte, don Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005-J, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 251/2011 do 29 de decembro (DOG nº 8, del 12 de xaneiro de 2012), no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, (DOG de 17 de outubro).

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que con data 12 de abril de 2010 asinouse o convenio de colaboración entre as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela para a impartición conxunta do Máster Universitario en Arquitectura da Paisaxe "Juana de Vega".

SEGUNDO.- Que na súa cláusula primeira do dito convenio acordábase que a universidade coordinadora do Máster sería a UDC.

TERCEIRO.- Por medio da presenta addenda acórdase modificar a cláusula primeira do convenio de referencia nos seguintes termos:

"PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a regulación das bases de actuación para a xestión do título de Máster Universitario en Arquitectura da Paisaxe "Juana de





Vega” que é unha titulación conxunta entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, correspondendo a coordinación do mesmo a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela por cursos académicos alternos. No curso 2014-15 a coordinación corresponderá á USC.

As Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela asumen a xestión.”

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan esta *addenda* por duplicado no lugar e data que se indican máis abaixo.

En Santiago de Compostela a 8 de setembro de 2014

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA:

O Reitor

Juan M. Maño Rey

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito